



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 14 DE ABRIL DE 2023

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 14 de abril de 2023, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DO 2023.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe. Non habendo pronunciamentos ó respecto,



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2022.

O Sr. Alcalde da conta do decreto indicado no epígrafe, do que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), vistos os artigos 191 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a lei de facendas locais en materia de presupostos.

Correspondendo ao presidente da Corporación a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos os informes de Intervención incorporados ao expediente, tanto da liquidación, como da estabilidade orzamentaria, na que se reflicte un déficit en términos de contabilidade nacional de -430.958,77 euros, unha variación do gasto computable entre os exercicios 2021 e 2022 de +18,41%, e que se cumpre co límite de débeda, xa que non hai.

Tendo en conta, así mesmo, que están suspendidas as regras fiscais para 2022 por Acordo do Congreso dos Diputados de 13 de novembro de 2021, e continúan suspendidas para 2023 por Acordo do Congreso dos Diputados de 22 de setembro de 2022.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2022, na que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos recoñecidos netos</i>	<i>2.904.142,40€</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas</i>	<i>3.388.686,02€</i>
<i>RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO</i>	<i>-484.543,62€</i>
<i>Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos xerais</i>	<i>416.085,80€</i>
<i>Desviacións de financiación negativas do exercicio</i>	<i>482.376,88€</i>
<i>Desviacións de financiación positivas do exercicio</i>	<i>445.134,52€</i>
<i>RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO</i>	<i>-31.215,46€</i>

<i>Fondos líquidos</i>	<i>200.134,53€</i>
<i>Dereitos pendentes de cobro</i>	<i>36.097,84€</i>
<i>- Do orzamento corrente</i>	<i>34.608,91€</i>
<i>- De orzamentos pechados</i>	<i>-</i>



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

- De operacións non orzamentarias	1.488,93€
Obrigas pendentes de pago	48.779,07€
- Do orzamento corrente	18.171,10€
- De orzamentos pechados	-
- De operacións non orzamentarias	30.607,97€
Partidas pendentes de aplicación	-
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	-
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	187.453,30€
Saldo de dudoso cobro	-
Exceso de financiación afectada	65.984,39€
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	121.468,91€

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre, de conformidade co artigo 193.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado, de conformidade co artigo 193.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

3. ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR DO MUNICIPIO MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR DO MUNICIPIO DE MESÍA

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña,

Visto o escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, de data 19 de xaneiro de 2023, no que se insta a este Concello a iniciar expediente para elixir xuíz de paz titular debido ao próximo vencemento do período polo que se nomeou ao xuíz de paz titular actual.

Visto que por Decreto desta Alcaldía núm. 68/2023, de data 07 de marzo de 2023, resolveuse iniciar o expediente para elección de xuíz de paz titular, ao abeiro do preceptuado no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de xuíces de paz e na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, publicándose a



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia núm. 48, de data 10 de marzo de 2023, e anunciándose mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ordes e no propio Xulgado de Paz.

Visto que durante o prazo de presentación de solicitudes recibíuse, segundo resulta de certificación de secretaría, as seguintes solicitudes:

1. Dona Saray Mira Figueira, con DNI 44658240Z (R.E. núm. 202399900000156, do 10.03.2023)
2. Don Jaime Lata Rama, con DNI 32308048V (R.E. núm. 202300000000420, do 29.03.2023).

Resultando, polo tanto, que os candidatos interesados son dous: dona Saray Mira Figueira e don Jaime Lata Rama.

Vistos os currículos de ambos os dous candidatos.

Vista a experiencia como xuíz de paz, dende 1997, de don Jaime Lata Rama, maior de idade, con DNI núm. 32308048-V, pensionista por xubilación dende 2006, e considerando que reúne as condicións legalmente esixidas de capacidade e compatibilidade, é polo que de conformidade co disposto no artigo 101 e 102 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e 6 e 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de xuíces de paz,

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Elixir xuíz de paz titular do municipio de Mesía a don Jaime Lata Rama, con DNI núm. 32308048V, pensionista por xubilación dende o ano 2006.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Xuíz Decano de Ordes aos efectos de que o eleve á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

Mesía, 11 de abril de 2023.Asdo.: Mariano Iglesias Castro. Alcalde."

Expón o Sr. Alcalde que a proposta recae en Don Jaime Lata Rama, que é veciño da parroquia e leva no cargo dende 1997, é unha persoa coñecida polos veciños, con plena dedicación e dispoñibilidade.

Manifesta estar de acordo a Sra. Louro por ser Don Jaime coñecido por todos, pola súa dedicación e o seu coñecemento da veciñanza.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

4. **RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚM. 95/2023, DO 28/03/2023, DE CORRECCION ERRO SOLICITUDE SUBVENCION POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚM. 95/2023, DO 28/03/2023, DE CORRECCION ERRO SOLICITUDE SUBVENCION POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 95/2023, de corrección erro da solicitude de subvención POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios, erro consistente en que o importe total solicitado (65.000,00 €) non coincide co importe da achega provincial preasignada (64.966,77 €).

Proponse ao Pleno da Corporación a ratificación do seguinte ACORDO:

Primeiro. Corrixir o dito erro da solicitude axustando a cantidade total solicitada á achega provincial preasignada e, polo tanto, o total solicitado POS+Adicional 1/2023 será de 64.699,77 €, quedando tal e como segue:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023 Dato notificado que figura no seu expediente	64.966,77 €				
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	6.966,77 €		6.966,77 €	6.966,77 €	0,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en	58.500,00	4.500,00 €	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

<p>todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. €</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	1.860,00 €		1.860,00 €	1.860,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	67.326,77 €	4.500,00 €	62.826,77 €	62.826,77 €	0,00 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro	2.140,00 €		2.140,00 €	2.140,00 €	0,00 €



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	2.140,00 €	0,00 €	2.140,00 €	2.140,00 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	69.466,77 €	4.500,00 €	64.966,77 €	64.966,77 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				62.826,77 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)				2.140,00 €	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)				64.966,77 €	

Mesía, 11 de abril de 2023. O Alcalde /Presidente, Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que outros anos admitíase que a cantidade solicitada excedese da asignada, asumindo o concello a diferenza, pero este ano teñen que coincidir as cantidades. Figuraban 7.000,00€ no apartado b) e agora constan 6.966,77€.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

5. MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Sr. Alcalde da conta da moción, do que o seu teor literal di:

“Moción sobre a falta de financiamento da xunta de galicia do servizo de axuda no fogar”

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Mesía, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:



Exposición de motivos

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. E completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo rural” se encarece ano tras ano.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado o aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempoosincrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Ano 2022: 50,3 millóns de euros
Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, tal e como se reflicte nos propios orzamentos da Xunta de Galicia:

Ano 2022: 51,3 millóns de euros
Ano 2023: 65,2 millóns de euros

En suma, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Rueda reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa aportación, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

É o momento, por tanto, de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Mesía insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.***
- 2. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.***

*En Mesía, a 11 de abril do 2023
Asdo: Mariano Iglesias Castro"*

Manifesta o Sr. Alcalde que as axudas de dependencia son un gasto engadido ás arcas do concello, cos incrementos do IPC e dos salarios, que non se ven correspondidos coas aportacións da Xunta, que son de 11,00€ á hora o ano pasado, e agora 11,50€, pero ao concello lle costa o dobre. Gastamos 232.000,00€ o ano pasado en dependencia e a Xunta aportou 135.000,00€. Ao que hai que engadir o retraso nas valoracións.



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Manifesta a Sra. Louro que os dereitos dos dependentes e a súa dignidade non poden depender da súa capacidade económica nin da dos territorios nos que viven.

Sinala o Sr. Mosquera que o que mal nace mal queda, xa que a lei de dependencia do 2006, do grupo socialista, aprobouse sen dotación orzamentaria, resultando que corresponde ao Estado aboar o 20% do custo e ás Comunidades Autónomas o 80%. Ademais se está incumprindo outra normativa que establece que parte dos custos debería asumilos a Seguridade Social.

Manifesta o Sr. Alcalde que a situación é mellorable, pero estaremos de acordo en que non é unha competencia municipal. Pedir que se nos axude na financiación deste gasto e que se axilicen os trámites na valoración da dependencia coido que non é moito pedir, e que o Sr. Mosquera votaría a favor se non viñera ao pleno cunhas directrices.

Resposta a Sr. Mosquera que non ven con ningunha directriz e que votará en contra.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por oito votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e á concelleira do BNG, votando en contra o concelleiro do PP.

6. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non habendo intervencións, expón o Sr. Alcalde que, xa que non houbo unanimidade para facer unha declaración institucional do concello en relación con este asunto, vai dar conta dunha moción suscrita polo PSdeG-PSOE e o BNG sobre a atención sanitaria en Mesía.

Sometida a urxencia da moción a votación, é apreciada por por oito votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e á concelleira do BNG.

O Sr. Alcalde da conta da moción, do que o seu teor literal di:

“Moción municipal atención sanitaria de calidade para Mesía”

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes, que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra, problemas agravados nun concello como Mesía cunha poboación dispersa e envellecida.

Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

orçamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados, que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes e folgas.

As continuas mobilizacións e protestas cidadás durante os últimos anos evidencian a crecente contestación social fronte ao Goberno galego.

Polo anteriormente exposto, ante toda esta situación, e en particular tamén polo que afecta a este concello, O BNG e o PSdeG-PSOE de Mesía propoñen ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. Instar ao Goberno de Galicia á reposición do servizo de Pediatría no concello. Agora xa non só non temos pediatra senón que hai que pedir cita, primeiramente, no Centro de Saúde de Xanceda para a enfermería e, logo, no Centro de Saúde de ordes para ir a Pediatría.**
- 2. Instar ao Goberno de Galicia á reposición do Servizo de Matroa. Pasamos de ter unha matroa para Mesía a non tela nin un só día á semana.**
- 3. Instar ao Goberno de Galicia a que se cubran as baixas do médico cando está de vacacións ou de baixa. Non podemos estar, semanas e meses enteiros, cun médico solo para todo o concello.**
- 4. Instar ao Goberno de Galicia á garantir que se cubran as prazas do persoal xubilado (2 medicina, 1 enfermería).**
- 5. Instar ao Goberno de Galicia á arranxar o Centro de Saúde de Visantoña. Está moi deteriorado e precisa, con urxencia, dunha reparación.**

Mesía, 13 de abril de 2023



CELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Don Mariano Iglesias Castro
Dona Beatriz Louro López

PSdeG-PSOE de Mesía
BNG de Mesía"

Sinala a Sra. Louro que debe darse solución ao problema da atención primaria neste concello.

Manifesta o Sr. Mosquera non estar dacordo en cómo se fraguou a moción, e que ademáis debeb terse en conta a quén vai destinados os servizos de pediatria e matrona, xa que hai unhos datos obxetivos, 121 rapaces e 315 mulleres entre 15 e 45 anos. Ademáis, fai pouco cubríuse unha praza de médico no Centro de Visantóna e, tamén se están valorando os arranxos a realizar nese Centro Médico, incluso xa hai unha prefectura deses arranxos.

Manifesta o Sr. Alcalde que descoñece o tema dos arranxos que refire o Sr. Mosquera, pero que despois de mandar os dous últimos anos dous dossiers con fotografías á Xunta aínda non recibíu contestación. Ademáis, a praza ocupada polo médico é de xeito temporal e intermitente, ata o 28 de maio, e logo xa se verá. E unha cousa é que por ratio de usuarios o concello de Mesía non sexa merecedor dun pediatra ou unha matrona todos os días, pero sí a lo menos algún día. Que nos deixen sen nada é algo difícil de explicar.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por oito votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e á concelleira do BNG, votando en contra o concelleiro do PP.

7. DAR CONTA DOS DE ALCALDÍA DO 30 AO 122 DO ANO 2023.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 30 AO 122		
Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
30	Execución do gasto 30/01/2023. Nóminas mes Xaneiro 20233	30/01/2023
31	Convocatoria sesión plenaria ordinaria núm. 2 do 03/02/2023	31/01/2023
32	Baixa usuario Servicio Axuda no Fogar	01/02/2023
33	Admisión novo ingreso usuaria Punto Atención a Infancia. Os Camiños. Curso 2022-2023	02/02/2023
34	Acordo solicitude subvención Aprod rural 2023	02/02/2023
35	Alta usuario Servicio Axuda no Fogar. Libre concorrencia	03/02/2023
36	Cambio de domicilio dentro do municipio no Padrón Municipal de Habitantes.	06/02/2023
37	Execución do gasto 07/02/2023	07/02/2023
38	Alta usuario Servizo de Axuda no Fogar libre concorrencia	07/02/2023
39	Plan presupuestario medio plazo 2024-2026	07/02/2023
40	Alta usuario Servicio Axuda no Fogar libre concorrencia	07/02/2023
41	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria nº3 de 9-02-2023	07/02/2023
42	Aprobación liquidación servizos prestados Punto Atención a Infancia Febreiro 2023	09/02/2023
43	Execución do gasto 13/02/2023	13/02/2023



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACIÓN DE DECRETOS DO 30 AO 122		
Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
44	Acordo adhesión Programa Plan Emprego Local CONCELLOS 2023	14/02/2023
45	Execución do gasto 15/02/2023	15/02/2023
46	Aprobación expediente C01/2023 Camiño Ponte Carballa a Cruce Soutelo (Olas)	16/02/2023
47	Acordo solicitude subvención proxecto "Iluminación Autónoma do Paseo das Brañas da Valga" ano 2023	16/02/2023
48	Alta empadramento no lugar de Busto 5. Visantóna	16/02/2023
49	Execución do gasto 17/02/2023	17/02/2023
50	Xunta de goberno local ordinaria nº4 de 23/02/2023	20/02/2023
51	Execución do gasto .comisións domiciliación Servizo Axuda no Fogar mes Decembro 2022	20/02/2023
52	Cambio de empadramento das menores Lia e Natalia Mosquera López. Tutela	20/02/2023
53	Alta de empadramento no lugar de Empalme de lanza 52. parroquia de Lanzá	22/02/2023
54	Aprobación liquidación orzamento 2022	23/02/2023
55	Incorporación de remanentes Incorporación Remanente 01/2023	23/02/2023
56	Acordo solicitude subvención mellora das instalacións de locais utilizados para a realización de actividades culturais ano 2023	23/02/2023
57	Nomeamento Secretaria-Interventora accidental	24/02/2023
58	Aprobación lista provisional admitidos/as - excluídos/as nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal	24/02/2023
59	Aprobación convenio e solicitude subvención camión con caixa basculante_concellos de Mesía e Vilasantar_fondo de compensación ambiental 2023	27/02/2023
60	Execución do gasto 27/02/2023. Nóminas mes Febreiro 2023	27/02/2023
61	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes Xaneiro 2023	28/02/2023
62	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	28/02/2023
63	Solicitude subvención contratación socorristas verán 2023	01/03/2023
64	Cambio de domicilio no Padrón Municipal Habitantes	06/03/2023
65	Aprobación Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal cuarto trimestre exercicio 2022	07/03/2023
66	Execución do gasto 07-03-2023	07/03/2023
67	Convocatoria Xunta de Goberno Local nº5 de 9/03/2023	07/03/2023
68	Inicio de expediente para elección xuíz de paz titular 2023	07/03/2023
69	Aprobación liquidación prestación servizos pai marzo 2023	07/03/2023
70	Execución do gasto 07-03-2023. Diferenzas nóminas polo incremento do 1,5% 2022	07/03/2023
71	Servizos sociais. baixa servizo axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia M.E.A.G.	08/03/2023
72	Servizos sociais. Baixa servizo de axuda no fogar c.b.p.	08/03/2023
73	Adxudicación CM 03/2023 Camiño na Tieira	09/03/2023
74	Adxudicación CM 02/2023 camiño a Casanova (Cabruí).	09/03/2023
75	Execución do gasto 10/03/2023	10/03/2023
76	Aprobación cambio de titular no Padrón da Rede de Abastecemento de Auga Municipal	10/03/2023
77	Execución do gasto 13/03/2023	13/03/2023
78	Acordo de non división en lotes POS+2022	13/03/2023
79	Aprobación proxecto modificado CAMIÑO CRUCE REGUEIRO A CRUCE MOU (CABRUI)	13/03/2023
80	Aprobación proxecto modificado CAMIÑO AC-223 A BUSTO (VISANTÓN)	13/03/2023
81	Acordo aprobación auditoría municipal do sistema de abastecemento para minimizar as perdas de auga do concello de Mesía	15/03/2023
82	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	15/03/2023
83	Acordo solicitude subvención cultura no camiño ao 2023	16/03/2023
84	Aprobación liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes febreiro 2023	16/03/2023
85	Acordo solicitude de subvención Distribución do Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local ano 2023	17/03/2023
86	Execución do gasto 20-03-2023	20/03/2023
87	Servizos Sociais. Modificación do Servizo de Axuda no Fogar polo sistema de libre concorrencia.	20/03/2023
88	Servizos sociais.baixa axuda de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia jmlr	21/03/2023
89	Convocatoria xunta de goberno local ordinaria nº6 de 23/03/2023	21/03/2023
90	Xeración de crédito 01/2023. Subvención Deputación. Plan Emprego Local - Concellos. Plan de Integración Laboral. Contratación de dous peóns.	23/03/2023
91	Execución do gasto 27/03/2023	27/03/2023



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACIÓN DE DECRETOS DO 30 AO 122		
Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA
92	Solicitude participación plan de camiño rurais 2023-2024	27/03/2023
93	Servizos sociais. Baixa Servizo Axuda no Fogar M.E.S.S.	27/03/2023
94	Execución do gasto 28/03/2023. asistencias plenos e Xunta de Goberno Local 1er trimestret 2023	28/03/2023
95	Corrección erro solicitude subvención POS+ Adicional 1/2023 para gastos socias extraordinarios	28/03/2023
96	Convocatoria Comisión Especial de Contas. Conta Xeral ano 2022.	28/03/2023
97	Execución do gasto 29/03/2023	29/03/2023
98	Execución do gasto 30/03/2023. Nóminas mes marzo 2023	30/03/2023
99	Aprobación factura e certificación segunda e final obra Plan Camiños Municipais 2022-2023, anualidade 2023	30/03/2023
100	Acordo solicitude subvención plan concertado ano 2023	30/03/2023
101	Execución do gasto 30-03-2023	30/03/2023
102	Nomeamento Secretaria Accidental	30/03/2023
103	Aprobación bases e convocatoria proceso selectivo peón ao abeiro do programa plan emprego local, concellos 2023	30/03/2023
104	Adxudicación C01/2023 Camiño Ponte Carballa a Cruce Soutelo (Olas) POS+Adicional 2/2022	30/03/2023
105	Acordo adhesión oficina técnica de ciberseguridade provincial	30/03/2023
106	Alta Padrón Municipal de Habitantes	30/03/2023
107	Convocatoria Xunta Goberno Local ordinaria nº 7/2023 do 05/04/2023	31/03/2023
108	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	31/03/2023
109	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
110	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
111	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
112	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
113	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
114	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	03/04/2023
115	Alta Padrón municipal de habitantes na vivenda sita en Fortorto 9, Boado	03/04/2023
116	Alta Padrón municipal de habitantes na vivenda sita en O Monte 4. Mesía.	04/04/2023
117	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	05/04/2023
118	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	05/04/2023
119	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	05/04/2023
120	Decreto corrección de erros adxudicación C01 Camiño Pontecarballa a Soutelo	05/04/2023
121	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	10/04/2023
122	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios ano 2023	10/04/2023

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

- 8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE XANEIRO, 9, 23, DE FEBREIRO E 9, 23 DE MARZO DO ANO 2023.**



CELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.